


Libros para postobrigatoria



O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata que se mantén máis alá da morte. E sempre, os libros como compañeiros da aventura do amar. Vai xa pola 9ª ed. e obtivo o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil e o Premio Asociación de Escritores en Lingua Galega (Infantil-Xuvenil) no ano 2007, o Premio Literario Frei Martín Sarmiento e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no 2008.


Na, polo de agora, última entrega para público adulto, Agustín preséntanos a Miguel Mendiguren, un home na fronteira dos 60 anos que lembra a proeza do cosmonauta ruso Iuri Gagarin cando el tiña 10 anos e gañara un concurso cun traballo sobre esa 1ª viaxe espacial. A raíz diso, os outros nenos pasan a chamarlle Gagarin, un



Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é unha das figuras máis destacadas da literatura galega contemporánea. Publicou entre outras obras: Contos por palabras (1991); Rapazas (1993); Trece anos de Branca (1994); Cartas de inverno (1995); Amor dos quince anos, Marilyn (1995); O centro do labirinto (1997); Aire negro (2000), Noite de voraces sombras (2002); Tres pasos polo misterio (2004); Corredores de sombra (2006); O único que queda é o amor (2007); Lúa do Senegal (2009); Non hai noite tan longa (2011), Fantasma de luz (2011), A viaxe de Gagarin (2014) e A neve interminable (2015). Reuniu textos memorialísticos no libro O rastro que deixamos (2012). A maior parte da súa obra está traducida a todas as linguas ibéricas, coreano, árabe, francés, chinés, búlgaro, bretón, italiano e inglés. Entre outros recoñecementos á súa traxectoria, recibiu o Premio Irmandade do Libro (2003); o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (2008); o Premio Xosé María Álvarez Blázquez (2008), a Letra E (2009) da AELG; e en 2011 recibiu o Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil... Tamén neste ano 2015 recibiu o recoñecemento dos Clubs de Lectura dos centros educativos galegos por ser o autor máis lido nos mesmos.

¿Cantos lectores e lectoras debemos a Agustín Fernández Paz

Un verán con Agustín cambiarache a vida...



Porque...
Quen ben te
quere,
farache ler.

Agustín Fernández Paz
Premio dos Clubs de
Lectura dos centros
educativos galegos

Equipo de Normalización
Lingüística e Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Libros para o 1º ciclo da ESO




Nesta, polo de agora, última entrega de Agustín, Sara vive nunha aldea da beiramar, onde a pesca é o único medio de vida. Un día os barcos comezan a vir baleiros, só hai peixes nas proximidades da Illa Negra, onde habita unha cruel Serea. Uriel, o irmán de Sara, vai botar as redes nesas augas e alí cae prisioneiro da Serea. Entón Sara decide navegar ata a illa para liberar a Uriel

Este libro, elixido como un dos 10 títulos imprescindibles da da LIX Española do Século XX, consta de 8 contos que se desenvolven a partir dos anuncios por palabras dos xornais. Foi Premio Lazarillo (1990) e vai xa pola 21ª edición .



Libros para o 2º ciclo da ESO




Un equipo de guionistas –3 mulleres e 2 homes– recibe a encarga de escribir os guións dunha futura serie de televisión que se titulará As fronteiras do medo. Para concentrarse no traballo, acordan recluírse nun hostel solitario, nas terras da Fonsagrada.. Ao 3ª día comeza a nevar e unha tormenta interrompe as comunicacións e o fluído eléctrico e os deixa illados do mundo. O último libro de Agustín Fernández Paz dialoga, 20 anos despois, con Cartas de inverno

Despois dunha longa estadia en Québec, o escritor Xabier Louzao volve a Galicia e atopa as cartas que o seu amigo Adrián lle escribira na súa ausencia. Unhas cartas que, nunha espiral de enigmas, descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián na súa nova casa e que levan a Xabier a acudir na súa axuda. A novela recibiu o Premio Rañolas ao mellor libro infantil e xuvenil galego (1995) e vai xa ipola 32ª edi.!



Damián traballa no mellor cine da cidade. Cando recibe a noticia de que a sala vai desaparecer e que todos os empregados serán despedidos, de xeito progresivo, os seus corpos comezan a se volver transparentes, invisibles aos ollos das persoas que viven ao seu redor. A novela obtivo o Premio AELG ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil e o Premio da Crítica Galicia de Creación Literaria (2012).



Cando o doutor Vitor Moldes comeza a traballar na clínica psiquiátrica Beira Verde, ten como 1ª paciente a Laura Novo, unha muller coa memoria borrada, que ocupa as horas do día en escribir de xeito compulsivo o seu nome, aferrada a el coma se fose o único resto dalgún naufraxio emocional.. Esta novela, que vai xa pola 20ª ed., obtivo o Premio The Withe Ravens (2001) e o Premio Protagonista Jove (2002).